



Seccion Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNIÓN

DIRECCIÓN-REP. SINDICAL 29/4/11

Na reunión que se celebrou hoxe, a Dirección nos informa que a “PAGA DE RESULTADOS”, que desaparecera no ano 2009, despois dun acordo das organizacións francesas, reaparece baixo o nome de “Profit Sharing”.

En consecuencia, coa nómina de Abril (final de Maio) cada traballador/a, que estivera máis de 90 días de alta na fábrica no ano 2010 se aplicará un 0'676 % sobre o salario de referencia.

Comentan, que no caso dun Especialista medio, podería representar sobre 170 € brutos. Nesta ocasión non hai un mínimo nin un máximo.

E dicir, o non establecer topes, para un traballador dos que lle baixaron o salario no Convenio, Nivel 1, percibiría arredor de 130 € . No caso contrario como tampouco hai limite, cada un que deduza a diferenza que se da, xa que hai escalas salariais que o triplican ou incluso son maiores.

Comentamos isto, porque consideramos e así o manifestamos a Dirección, que sendo o resultado do traballo colectivo, o seu reparto debera ser, cando menos, LINEAL para TODOS/AS.

Confederación Intersindical Galega